



# Caderno da crítica

## Cuestionario Proust: Vítor Vaqueiro

[Ramón Nicolás 30 Marzo 2015](#)

**1.– Principal trazo do seu carácter?**

– A constancia, a paciencia, a puntualidade.

**2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?**

– A lealdade.

**3.– Que agarda das súas amizades?**

– Lealdade.

**4.– A súa principal eiva?**

– Por veces, uma atitude amoladora, por mor da repetición de cousas já ditas.

**5.– A súa ocupación favorita?**

– A escrita, a lectura e a conversa.

**6.– O seu ideal de felicidade?**

– O que vivo no momento presente.

**7.– Cal sería a súa maior desgraza?**

– A morte da minha companheira.

**8.– Que lle gustaría ser?**

– O que sou.

**9.– En que país desexaría vivir?**

– Na Galiza, com menos chuva.

**10.– A súa cor favorita?**

– Azul marinha, preta.

**11. – A flor que máis lle gusta?**

– Não tenho grandes preferências florais.

**12.– O paxaro que prefire?**

– Tampouco não tenho grandes preferências ornitológicas, embora estarem agora os abutres na crista da onda.

**13.– A súa devoción na prosa?**

– Por ordem alfabética: Bernhard, Borges, Cunqueiro, Faulkner, Sebald, Valle.

**14.– E na poesía?**

– Com o mesmo critério: Hölderlin, Pessoa, Rosalía, Valente, Vallejo.

**15.– Un libro?**

– *A morte de Virgílio*, de Hermann Broch; *Tirano Banderas*, de Valle.

**16.– Un heroe de ficción?**

– Long John Silver, bucaeiro; Queequeg, arpoador.

**17.– Unha heroína?**

– Mãe Coragem.

**18.– A súa música favorita?**

– A do barroco, Bach sobre todo; também o blues: John Lee Hooker, B.B. King...

**19.– Na pintura?**

– Brueghel e Cezanne.

**20.– Un heroe ou heroína na vida real?**

– Maria da Fonte, “com as pistolas na mão, para matar os Cabrais que são falsos à nação”.

**21.– O seu nome favorito?**

– Não me desagrada Vítor.

**22.– Que hábito alleo non soporta?**

– A impaciência.

**23.– O que máis odia?**

– O arribismo, o oportunismo.

**24.– A figura histórica que máis despreza?**

– Difícil: Francisco Franco? Augusto Pinochet? Richard Nixon? Há tantas!!

**25.– Un feito militar que admire?**

– Sem ser, nem de lonje, um admirador do feito militar, diria que as batalhas da Pontesampaio e Dien Bien Phu polo seu caráter emancipador.

**26.– Que don natural lle gustaría ter?**

– Não aspiro a possuir grandes dons. Fico satisfeito com o que tenho. Sou austero, não, obviamente, no sentido “popular” do termo.

**27. – De que maneira lle gustaría morrer?**

– Sem dor e numas poucas horas.

**28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?**

– O que deriva do otimismo.

**29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?**

– Qualquer que não seja consequência da premeditação ou da ruindade.

**30.– Un lema na súa vida?**

– “Delimitação precisa de objetivos, decisão e confiança nas próprias forças.”